

Solucións 2º agrupamento semana XII

Exercicio 1 páxina 168 xa mo enviastes a min.

Páxina 168 : 8

Repítocho por enésima vez: tes que estudar máis se queres aprobar.

Non o lembro ben... talvez fora polo San Xoán.

Os protagonistas son catro rapaces adolescentes: Ninfa, Lume, Faísca e Ruxe.

A peregrina levaba na súa mochila de todo: unha tableta de chocolate, unha botella de auga, unha muda para cambiarse, a cámara de fotos, un libro, un paraugas, crema para o sol...

9

Unha noite o pai entrara na estancia e vira o fillo chorando, abrazado á burbulla.

-Que fas aquí?- berráralle o home evitando miralo aos ollos-. Pareceche ben traerlle tristuras a ...

-É a miña nai...-respondera o neno.

-Fóra de aquí! Déixaa descansar. Dígoche que saias! Sae!

-Sempre está descansando- replicou o pequeno-. Só quero falar con ela...Entretela.

-Chamas entreteter a chorar ao seu carón? Cres que non sei que o fas sempre, na miña ausencia?

-É a miña nai- repetía o neno chorando e aferrándose á nada- A miña nai. A miña nai...Mamá...!

-Sae de aquí! Fóra! Agora! Dígoche que saias!

Agarrando o neno pola roupa o home fíxoo saír á forza. Despois pechou a porta con chave.

-Mamá!Mamá! Mamá!

Páxina 169: 12

Xenro: home da filla respecto dos país desta.

Fillastro: fillo ou filla do outro cónxuxe, tido nunha unión anterior.

Familia tradicional: conxunto de persoas unidas por lazos directos de parentesco, constituído polo pai, a nai e os fillos.

Familia monoparental: núcleo familiar formado por un proxenitor(pai ou nai) e un ou varios fillos ou fillas.

Familia homosexual: núcleo familiar formado por dous proxenitores do mesmo sexo (homes ou mulleres) e os seus fillos e fillas.